

## ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA SEIS DE XULLO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.

### SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
Escusa asistencia D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
  
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e dez minutos do día seis de xullo de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

#### 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e dous de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

#### 2º.- Instancias de obras de particulares

##### 2.1.- Instancia num. 955/10 de don Emilio José Albela Couto

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción de cerramento de parcela, de aproximadamente 413 mts de lonxitude, con base de pedra , poste e arame (35 mts) e o resto con postes e arame, no lugar de Outeiro, emprazado en solo rústico de agrícola (R-2) e solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende o eixe do vial na zona do núcleo rural e de 6,00 mts de distancia no resto; garantírase o natural discorrer das augas , e no caso de existir unha servidume de augas , deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será do país. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a



base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts na zona de núcleo e de 0,60 mts no resto.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento sesenta e sete euros con noventa e un céntimos (#167,91#)

## 2.2.- Instancia num. 892/10 de don Juan José Gómez Lago

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 130 m2 en planta, consistente en cambiar a tella e colocar fiestras, situada en Pousada de Arriba, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento un euros con catorce céntimos (#101,14#)

## 2.3.- Instancia num. 644/10 de don Jesús Sánchez Castro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 60 m2 en planta e unha altura de fachada de aproximadamente 5 mts, consistente no cambio do tellado colocando uralita e tella e máis encintado de paredes exteriores, situada en Paradela, en solo cualificado no PXOM como rústico de protección forestal (R-3)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e a cor a utilizar no encintado das fachadas será acorde co entorno

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento dezasete euros con corenta e nove céntimos (#117,49#)



#### 2.4.- Instancia num. 980/10 de don Fernando Salgueiro Canicoba

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 40 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e reixa, no lugar de Laraño, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e sete euros con sesenta e sete céntimos (#27,67#)

#### 2.5.- Instancia número 950/10 de dona Sonia Villaverde Cutrín e Eugenio Fernández Tejo.


Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Milladoiro solicita licenza para parcelación e agrupación, en 2 fincas resultantes, de fincas ubicadas no lugar de Cibrán (San Xián de Sales), en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Expansión de Núcleo Rural (ordenanza N2), de acordo co proxecto técnico presentado firmado por Antonio Sabucedo Costa, en calidade de arquitecto, e con data de visado do 21 de xuño de 2010..

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Cibrán da parroquia de San Xián de Sales, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 120,00 euros.

#### 2.6.- Instancia número 930/10 de dona M<sup>a</sup> Cristina Fernández Souto e outros.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada en nome propio e en representación dos seus irmáns, con domicilio en Castro (San Andrés de Illobre) solicita licenza para parcelación, en 4 parcelas resultantes, de finca ubicada no lugar de Castro (San Andrés de Illobre), en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Expansión de Núcleo Rural (ordenanza N2), de acordo co proxecto técnico presentado firmado por Juan C. Vilariño Santos en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e con data de visado 21/6/2010 e número 20100707.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concede-la licenza para parcelación da finca descrita no



proxecto mencionado, sita no lugar de Castro da parroquia de San Andrés de Illobre, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 240,00 euros.

#### 2.7.- Instancia num. 835/10 de don José María Martínez Parada

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago, expón que a Xunta de Goberno lle concedeu licenza para a construción dunha vivenda nifamiliar en Fraiz -San Mamede de Ribadulla (expediente 112/01), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a concesión da licenza de primeira ocupación

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 90,00 euros.

#### 3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza definitiva para instalación de Hotel rústico de unha estrela en Vilanova

Logo de acreditado no expediente instruído para o efecto, que por don Manuel García Gómez en representación de PAZO DE CANONIGO DE GALEGOS, S.L., se cumpriron os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas de 30 de novembro de 1961 e Disposicións complementarias, para instalación de "HOTEL RÚSTICO DE UNHA ESTRELA", en edificio sito no lugar de Galegos da parroquia de San Pedro de Vilanova, deste termo, actividade para a que se concedeu licenza provisional con data vinte e oito de decembro de dous mil catro, en uso das facultades conferidas, a Xunta de Goberno Local, acorda concederlle a LICENZA DEFINITIVA para pór en funcionamento a mencionada actividade, cuxa licenza deberá ser expedida pola Secretaría deste concello, e servirá ao interesado como documento acreditativo desta concesión. Todo iso sen prexuízo das demais autorizacións preceptivas doutros organismos en cumprimento das respectivas lexislacións sectoriais de aplicación.

#### 4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

##### 4.1.- Escrito num. 724/10 de Promotora Matimán, S.L

Dáse conta do citado escrito no que a citada empresa solicita a devolución dos avais constituídos para responder da execución das seguintes obras: *Construción peche da parcela do cemiterio de Ponte Ulla* (Importe 570,51 euros) e *Construción dun porche na casa parroquial de San Andrés de Illobre* (Importe 592,37 euros), incluídas ámbalas dúas no *Fondo de Inversión Local (FEIL) 2009*.

Dáse conta asimismo que durante o periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución dos citados avais



## 5º.- Certificacións de obras

5.1.- Certificación num. 1 e final da obra de *Peche de parcela, adición de porche e acondicionamento de rampla no CEIP de Ortigueira*

Dáse conta da certificación num. 1 e final da obra *Peche de parcela, adición de porche e acondicionamento de rampla no CEIP de Ortigueira*, financiada con recursos procedentes do *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local (FEESL)*, e máis da factura num. 199 da empresa adxudicataria Construcciones Villaverde Carbia, S.L, por importe de corenta e un mil dezaseis euros con cincuenta e tres céntimos (#41.016,53#)

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na citada certificación

2º.- Declarar a conformidade desta administración coa execución da mesma por parte da empresa adxudicataria e que esta se levou a cabo de conformidade co estipulado no prego de clausulas administrativas particulares regulador e o contrato asinado entre el concello e a empresa adxudicataria.

5.2.- Certificación num. 1 da obra de *Ampliación e reforma da gardería municipal*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra *Ampliación e reforma da gardería municipal*, financiada con recursos procedentes do *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local (FEESL)*, e máis da factura num. OCV.007 da empresa adxudicataria Promotora Matimán, S.L, por importe de dezanove mil novecentos noventa e sete euros con corenta e tres céntimos (#19.997,43#)

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na citada certificación

5.3.-Certificación num. 4 da obra de *Reforma e ampliación do centro da terceira idade*

Dáse conta da certificación num. 4 da obra de *Reforma e ampliación do centro da terceira idade*, financiada no cento por cento (100%) pola Deputación Provincial segundo convenio asinado, e máis da factura num. OCV.008 da empresa adxudicataria Promotora Matimán, S.L por importe de cincuenta e catro mil catrocentos setenta e oito euros con dezaioito céntimos (#54.478,18#), sendo o director da obra o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

## 6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e un de xuño do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición de legalidade por obras de construción de alboio en Ortigueira -Santa Cruz de Ribadulla promovi-



da por herdeiros de Manuel López Noya, ordénase a demolición do mesmo ó trácese de obras non legalizables

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e un de xuño do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición de legalidade por obras levadas a cabo por dona Carmen Costa Piñeiro en Paradela -San Xián de Sales, ratifícase o contido da Resolución da Alcaldía de data 26/03/2009 e acórdase a execución subsidiaria polo concello das actuacións materiais (demolición do cerramento), sendo por conta da promotora os gastos derivados da demolición, aprobando a cantidade de 300,00 euros como provisión de fondos que deberá ingresar na conta do concello

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e catro de xuño do ano que andamos, pola que se fai pública a lista provisional de admitidos na gardería municipal para o curso 2010/2011, podendo realizar contra a mesma as reclamacións que se estimen oportunas durante o prazo de 10 días

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de xuño do ano que andamos, pola que se ordena a contratación de don Carlos Gamás Villanueva para a obertura do período de vacacións dos operarios de recollida de lixo dende o 01/07/2010 ó 31/08/2010

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 30 de xuño do ano que andamos, pola que se aproban as bases da convocatoria que rexerán o proceso de selección das prazas de oficiais de segunda de protección civil e oficias de segunda e de terceira albaneis, subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar a través dos Programas de Cooperación.

A Xunta de Goberno dáse por enterada


6.6.- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía de data 30 de xuño do ano que andamos, polas que se publican as listas definitivas de candidatos ás prazas incluídas nos Programas de Cooperación remitida pola Oficina de emprego Santiago - Norte, desígnanse os membros da Mesa de Selección, e fíxase día, hora e lugar para a realización das probas

A Xunta de Goberno dáse por enterada

## **7º.- Outros asuntos**

7.1.- Comunicación da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras

Dáse conta da citada comunicación da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, relativa a Resolución pola que se concede unha axuda ó concello para a redacción do Plan Especial de Protección do Núcleo tradicional de Ponte Ulla por importe de cincuenta e un mil douscentos sesenta e seis euros con vinte e cinco céntimos (#51.266,25#), ó abeiro da Orde do 2 de marzo de 2010



A Xunta de Goberno acorda.

1º.- Aceptar a axuda concedida e demais requisitos establecidos na citada orde

2º.- Designar como director dos traballos ó arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

7.2.- Solicitud de axudas para actividades de promoción e fomento do cooperativismo

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 1 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ós concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (DOG num. 111/10, do 14 de xuño)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicitar unha axuda segundo a memoria elaborada ó efecto

2º.- Aceptar as condicións e requisitos establecidos na citada orde

7.3.- Solicitud de subvención para a implantación e establecemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade e /ou outras medidas municipais de conciliación

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar , do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (DOG num. 111/10, do 14 de xuño)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda segundo memoria redactada ó efecto.

7.4.- Aprobación facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes facturas de gastos financiados coa subvención concedida pola Xunta de Galicia para o campamento de coresponsabilidade:

Factura num. 10/10 de Rubén Villasenín Iglesias por servizo de formación e monitorado no marco do proxecto Campamento Rural de Corresponsabilidade. Importe 3.869,16 euros

Factura num. 78/10 e Viajes Peillet, S.L por servizo de transporte para desprazamentos no desenvolvemento do campamento de coresponsabilidade. Importe 2.140,00 euros

Factura num. 28 de García -García por materiais para o campamento de coresponsabilidade. Importe 1.550,00 euros

7.5.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida



Dáse conta do escrito num. 1017/10 no que don José Manuel Vaamode Pegito, con domicilio en San Miguel de Sarandón, expón que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 68% que lle supón dificultades para deambular por terreo con obstáculos, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos

